

Proxecto de centro de prevención do tabaquismo


O tabaquismo é o principal problema de saúde que lle afecta a toda a poboación, fume ou non. A súa prevención é tarefa de todos e para todos.


Anímate e **presenta un proxecto de centro** que recolla as **unidades didácticas** e as **actividades básicas** para desenvolver en cada nivel educativo e que implique na súa realización todos os escolares, pais, nais e docentes.


Premiarase o docente que presente o mellor proxecto escollido por un xurado. Valorarase o rigor, a calidade e o carácter innovador, a capacidade de ser transferido e utilizado por docentes e escolares noutros contextos educativos e a coherencia coa normativa educativa vixente.


Lembra que a data límite é


16
abril
2006


...
 Poderase contactar cos centros participantes ao longo do curso e un ano despois, para avaliar o concurso e verificar a relación co tabaco dos escolares, mediante as accións que consideren oportunas, salvo declaración expresa en contra dos seus pais ou titores.

 As clases que cumpran todos os requisitos esixidos no desenvolvemento do concurso participarán no **sorteo do premio Clases sen fume**. A remisión en prazo de cada actividade obrigatoria (acreditada cos adhesivos da ficha de seguimento) dará unha opción máis para o sorteo, o que pode cuadruplicar as posibilidades de gañar o premio. Estas aulas participarán no sorteo dos premios nacional e internacional.

 Un xurado decidirá os premios ao mellor slogan e á mellor actividade creativa, segundo os criterios de innovación, calidade e adecuación ao programa, posibilidade de realización e capacidade de transmisión da mensaxe.

 Un xurado premiará o mellor proxecto de centro de prevención do tabaquismo presentado polos docentes das aulas participantes. Valorarase o rigor, calidade e carácter innovador, a capacidade de ser transferida e utilizada por docentes e escolares noutros contextos educativos e a coherencia coa normativa educativa vixente.

 As familias dos escolares que asinen o compromiso de non fumar durante os 6 meses do concurso participarán no sorteo do **premio Fogares sen fume**, que se adjudicará tras as comprobacións oportunas.

 Os premios poderán quedar desertos de non acadar a calidade axeitada. Non serán, en ningún caso, acumulativos. A non aceptación das datas propostas para o seu desfrute suporá a renuncia automática a este.

 Os centros deberán estar **inscritos ou inscribirse na Rede de Centros Promotores de Vida sen Tabaco**.

<http://dxsp.sergas.es>

curso 2006-2007

Información para os docentes


**CLASES
sen
fume**


concurso europeo para manterse sen fumar, dirixido aos escolares do primeiro ciclo da ESO





Bases do concurso


 Poden participar os **centros docentes que imparten 1.º ciclo de ESO**.


 A participación é por **clases completas**; é dicir, de todos os escolares e un docente, que fará un seguimento periódico do desenvolvemento das actividades e compromisos da clase e que rexistrará na ficha de seguimento.


 Os escolares asinarán o **compromiso individual e da clase de manterse sen fumar durante, polo menos, 6 meses**, desde novembro ata abril. Manifestarán a súa relación co tabaco, cubrirán o cuestionario inicial e informarán os seus pais ou titores da súa participación no concurso.

 O/a director/a do centro **remitirá a solicitude de participación e as fichas de compromiso das clases**, antes do 13 de outubro de 2006.



 **Cada clase traballará as unidades didácticas** de prevención do tabaquismo e elaborará **un slogan e unha actividade creativa** que deberán ser remitidas nas datas establecidas.

 Só se admitirá un slogan e unha actividade creativa por aula. Os orixinais destes traballos quedarán en poder do Programa Galego de Vida sen Tabaco (PGPVST) e poderán ser utilizados na elaboración de materiais educativos ou divulgativos.

 **Cada aula designará un escolar** para que os represente, que terá a función de dinamizar a realización e a remisión das actividades en prazo e transmitirle á clase a información e os materiais de seguimento que certifican o cumprimento dos prazos que lle envíe o programa.

 **Se durante o concurso, algún escolar fuma**, a clase valorará a situación para decidir se continuar ou non. Se o comportamento de fumar é reiterado o docente decidirá, tras consultar aos responsables do PGPVST, se considera necesario o abandono do concurso.

Actividades OBRIGATORIAS



Consistirá nun **lema acompañado dunha representación gráfica** orixinal e positivo sobre a prevención do tabaquismo, preferiblemente dirixido a convencer a mocidade para non comezar a fumar.

Presentarase **un só slogan** seleccionado pola clase.

Haberá un premio ao **mellor slogan**.

Utilizarase o impreso específico facilitado polo programa que deberá remitirse **antes do 15 de decembro de 2006**.

Consistirá nunha **actividade orixinal** dirixida á prevención do tabaquismo.

Poderá presentarse nas **modalidades**: deseño de materiais multimedia, anuncio publicitario, canción con baile, obra de teatro ou xogos. Tedes ata o **31 de marzo de 2007** para desenvolvela.

Previamente ao desenvolvemento desta actividade **deberá presentarse un proxecto** que recolla os obxectivos didácticos e de prevención do tabaquismo, a descrición da actividade e a distribución das tarefas dos escolares.

Haberá un premio á **mellor actividade**. Valorarase o tempo dedicado e a implicación de toda a aula na súa realización e representación.

Para o proxecto utilizarase o impreso específico facilitado polo programa que deberá remitirse **antes do 15 de decembro de 2006**.

Ao longo do concurso traballarase na aula os materiais didácticos relacionados coa prevención do consumo de tabaco, recollidos na guía **“Experiencia de educar para a saúde na escola. Programa de prevención do consumo de drogas”** facilitados polo Plan de Galicia sobre Drogas.

Facilitaranse os **cadernos para os escolares**, adaptados a cada nivel educativo.

Actividades OPTATIVAS



Cada aula poderá propoñer, con carácter voluntario, a realización doutras actividades como a:

- Organización de **charlas** dirixidas aos mestres, escolares, asociacións de nais e pais...
- Celebración do **Día Mundial sen Tabaco**
31 de maio
- Outras propostas que se vos ocorran.



As clases que chegan ao final da competición poden gañar grandes premios.



Premios

PREMIOS PARA OS ESCOLARES ➡ **Viaxe a un parque temático na última semana de maio de 2007** ➡ Para os escolares da clase seleccionada entre todas as que rematen o concurso ➡ As clases gañadoras dos premios ao MELLOR SLOGAN e á MELLOR ACTIVIDADE CREATIVA ➡ **Accésits** para as aulas finalistas ➡ **Diploma acreditativo** para os escolares que cheguen ao final do concurso.

PREMIO PARA OS DOCENTES ➡ Ó mellor proxecto de centro.

PREMIO FOGARES SEN FUME ➡ Sortearase entre as familias que se comprometan a non fumar durante o tempo do concurso.

OS PREMIOS NON SERÁN, EN NINGÚN CASO, ACUMULATIVOS

CONSIGUE OS ADHESIVOS
REMITINDO EN PRAZO AS
ACTIVIDADES OBRIGATORIAS